

## DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Prov 31, 10-13. 19-20. 30-31:

**Traballa gustosa coas súas mans**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS PROVERBIOS

Unha muller xeitosa, quen a atopará?:  
o seu valer supera o das perlas.  
O seu marido pon nela a confianza  
e non lle han faltar ganancias;  
procúralle felicidade, e non desgraza,  
todos os días da súa vida.  
Consegue lá e liño,  
e traballa gustosa coas súas mans;  
Bota as mans á roca  
e os seus dedos manexan o fuso.  
Tende a palma ao indixente  
e achega as súas mans ao mendigo.  
A graza engana e a fermosura esvaece:  
só a muller que teme ao Señor merece ser louvada.  
¡Que falen por ela as obras das súas mans,  
e os seus feitos lle dean honra na praza!

SALMO RESPONSORIAL SaL 127, 1-2. 3. 4-5

**R/ (cf 1a): Ditosos todos os que temen ao Señor**

Ditosos os que temen ao Señor  
e van polos seus camiños.  
Cando comes do froito das túas mans,  
ditoso ti e afortunado.

A túa muller é coma parra fecunda  
no medio da túa casa.  
Os teus fillos coma gromos de oliveira  
arredor da túa mesa.

Así é bendito  
quen teme ó Señor.  
Bendígate o Señor desde Sión,  
que vexas na prosperidade a Xerusalén  
todos os días da túa vida,

SEGUNDA 1 Tes 5, 1-6:

**Que o día do Señor non vos sorprenda coma un ladrón**

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS TESALONICENSES**

Irmáns e irmás:

Tocante ao tempo preciso, irmáns, tampouco non precisades que vos escriba, que vós mesmos sabedes á perfección que o "Día do Señor" chegará coma o ladrón pola noite. Cando anden dicindo: "paz e seguridade", daquela caerá de súpeto sobre eles a desfeita, do mesmo xeito que lle veñen as dores á muller embarazada; e, de certo, non han de escapar. Pero vós, irmáns, non estades nas tebras, para que ese día vos sorprenda coma o ladrón, xa que todos vós sodes fillos da luz, fillos do día: non somos da noite nin das tebras.

Polo tanto, non adormezamos coma os demais; máis ben, esteamos vixiantes e manteñamos o propio control.

### **DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 25, 14-30 (longa)

**Fuches fiel no pouco, entra no gozo do teu Señor**

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos esta parábola:

É coma un home que, tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e deulle o coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un, a cadaquén segundo a súa capacidade; despois marchou.

De seguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco. Do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. Pero o que recibira un foi cavar un burato na terra e escondeu os cartos do seu amo.

Ao cabo de moito tempo chegou o señor daqueles criados, pedíndolles contas. Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: "señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei". Díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a desfrutar da festa do teu señor".

Chegou o que recibira dous talentos e dixo: "señor, dous talentos me entregaches, velaquí outros dous que gañei". E díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a desfrutar da festa do teu señor".

Chegou tamén o que recibira un talento e díxolle: "señor, sei moi ben que es un home duro, que seituras onde non sementaches e recolles onde non botas. Por iso collín medo, e fun agachar na terra o teu talento; aquí tes o que é teu". Pero o señor respondeulle: "¡Mal criado, lacazán! Conque sabías que seituro onde non semento e recollo onde non boto? Pois, poñías os meus cartos no banco e, así, cando eu volvese, podía coller os cartos e mailos intereses. Así que quitádelle o talento e dádello ao que ten dez. Porque ao que ten, háselles dar e abondo; pero ao que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. E ao criado inútil botádeo fóra á escuridade, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes".

## **DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 25, 14-15. 19-21 (máis breve)

**Fuches fiel no pouco, entra no gozo do teu Señor**

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

É coma un home que, tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e deulle o coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un, a cadaquén segundo a súa capacidade; despois marchou.

Ao cabo de moito tempo chegou o señor daqueles criados, pedíndolles contas. Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: "señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei". Díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a disfrutar da festa do teu señor".